

ACTA COMISIÓN DELEGADA 20/02/2026

Acta da xuntanza de Comisión Delegada celebrada de xeito online o día vinte de febreiro de 2026, dando comezo a mesma ás 18:00 horas, coa asistencia dos seguintes membros:

ASISTENTES	ESTAMENTO
1. D. Agustín Martínez Barros	Club Bm. Tui
2. D. Abel Estévez Carrera	Club Bm. Porriño
3. D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
4. D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
5. D. Aurelio Krook Moldes	Sociedad Atlético Redondela
6. D. Marcos Estévez García	Club Bm. Cañiza
7. D. Jesús López González	Club Bm. Atlético Guardés
8. D. Victor Manuel Rivera Diz	Árbitro
9. D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
10. D ^a . Ana Alonso Fragua	Xogadora
11. D. David Iglesias Freire	Xogador
12. D. Bruno López Molina	Presidente FGBm

Bruno López da comezo á reunión ás 18:06 minutos, tras a entrada de todos os membros e agrade-cendo a súa asistencia .

O presidente comenta que o motivo principal da reunión é informar sobre o proceso electoral e tomar as decisións que o Decreto 16/2028, o cal regula os procesos electorais das diferentes federacións deportivas galegas, lle outorga a este órgano, entre elas, a elección das persoas que formarán parte da Comisión Xestora durante o proceso de elección dos órganos de goberno da federación.

Bruno comentou que o proceso é longo e que se dilata demasiado polos tempos de resposta da administración, que aínda que se axilicen, o calendario electoral debe contemplar o período mínimo que marca o decreto. Insistiu na importancia de que todos os estamentos coñezan o proceso e saiban como participar nel. A continuación, Bruno López comentou as diferentes fases do proceso, insistindo na comprobación de censos (sobre todo o inicial xa exposto), data de presentación de candidaturas á asemblea , data e formato de votacións, e data de presentación de candidaturas á presidencia da Federación Galega de Balonmán. O presidente explicou que o calendario está comprimido e acelerado ao máximo para que quen xestione a federación a partires do remate do proceso, poida xestionar a tempada deportiva dende o seu inicio, e ao mesmo tempo, chegar a tempo coa Asemblea Ordinaria nas datas nas que se ven realizando, ou no seu defecto no mes de xullo, pero antes do comezo da tempada 26/27.

Bruno López comentou que na páxina web hai un apartado específico na parte superior, denominado “ELECCIÖNS 2026” no que figura toda a información relativa ao proceso: censos, convocatorias, normativa, regulamentos, circulares aclaratorias, etc..., e que ademais a federación tratará de dar toda a difusión posible a través de email e das redes sociais. Bruno recomendou mirar ben as persoas responsables de cada club no ceso inicial xa que serán as persoas que poderán emitir o voto, e aclarou que de querer cambiar a esa persoa habería que solicitalo á xunta directiva da federación antes do remate da exposición do censo inicial (23/02/26), e a persoa designada tería que figurar dentro da xunta directiva.

Agustín Marínez (Bm. Tui) detectou un erro na consulta do censo de clubs, xa que non aparecía o responsable. Unha vez detectado o erro xa se lle comunicou aos responsables da web para que o corrixan e optouse por publicar o censo con datos reducidos para facilitar a comprobación.

Bruno López explicou a motivación do Código de Bo Goberno, do Regulamento e do Calendario Electoral, e ante a ausencia de preguntas votáronse os tres textos, saíndo aprobados por unanimidade. A aprobación dos tres documentos queda claro que se levará do mesmo xeito á Asemblea do día 27 e que sempre quedarán supeditados ás posibles correccións que poida realizar a Xunta de Galicia, aínda que dende a federación xa se lles adiantou por email e xa se realizaron as correccións propostas antes de presentarse na Comisión Delegada.

O presidente comentou os requisitos para formar parte da Comisión Xestora e as súas funcións, a Comisión Delegada debe nomear a catro membros de xeito que todos os estamentos estean representados e os clubs sexan os maioritarios; catro membros máis deberán ser designados pola Xunta Directiva da federación. A Comisión Delegada decidiu que os membros da Comisión Xestora sexan:

TITULARES	ESTAMENTO
D. Agustín Martínez Barros	Club Bm. Tui
D. David Iglesias Freire	Xogador
D. Víctor Manuel Rivera Diz	Árbitro
D. Anxo Otero Sieiro	Adestrador
SUPLENTES	ESTAMENTO
D. José Antonio Rodríguez Fraga	Club EBM. Xiria
D. Manuel Castro Otero	Club Bueu Atl. Bm.
D ^a . Ana Alonso Fragua	Xogadora

O presidente comenta que tal e coma indica o regulamento él ostentará a presidencia e a Secretaria e a Tesoureira desempeñarán os mesmos cargos, ademais a xunta directiva nomeará a:

TITULARES	ESTAMENTO
D ^a Carla Abad Alonso	Xunta Directiva
D ^a Patricia Sanmiguel García	Xunta Directiva
D. Francisco Javier Rodríguez Costas	Xunta Directiva
D. Jose Ignacio Permuy Varela	Xunta Directiva
SUPLENTES	ESTAMENTO
D. Jesús Varela Martínez	Xunta Directiva
D. Fernando Mosquera Pérez	Xunta Directiva
D. Aurelio Francisco Barreiro	Xunta Directiva
D. Rubén González Pérez	Xunta Directiva
D ^a Shaila Bautista Salgueiriño	Xunta Directiva

Unha vez decidida isto, Bruno López comentou os requisitos para formar parte da Xunta Electoral, e solicitou voluntarios pero ninguén deu o paso. O presidente insistiu en que ese

papel require unha dedicación constante durante todo o proceso e que tratará de levar unha proposta á asemblea pero que tamén preguntará se alguén se anima.

Bruno López rematou falando de posibles propostas para a Asemblea Ordinaria, para que sexa cal sexa o resultado nas eleccións, se dean pasos adiante: número mínimo de licenzas por equipo, RRDG,...

Sen máis cuestións que comentar, ás 19:02 horas, o presidente da por pechada a xuntanza, en Vigo a 20 de febreiro de 2026.

Asdo:

O Presidente:



Don Bruno López Molina



A Secretaria Xeral:



Dona Carla Abad Alonso